

Caroline Lucretia Herschel

(Hanover, Alemaña, 1750-1848)



Astrónoma inglesa de orixe alemá.

Traballou co seu irmán Sir William Herschel, tanto na elaboración dos seus telescopios como nas súas observacións.

É considerada a «primeira astrónoma profesional».

O rei Xurxo III outorgoulle un salario anual de 50 libras como axudante do seu irmán.

En 1828 recibiu a «Medalla de Ouro da Royal Astronomical Society», da que foi o seu primeiro membro honorario feminino.

En 1846 recibiu a «Medalla de Ouro de Ciencias» de man do rei Federico-Guillherme IV de Prusia.

Ademais de como secretaria do seu irmán, traballando independentemente, descubriu oito cometas, entre os que destaca o 35P/Herschel-Rigollet, e tres nebulosas. Realizou un catálogo con 2500 nebulosas.

Dos oito cometas descubertos por ela, seis levan o seu nome.